



“Recordo que de pequenos xogabamos ás guerras, que as nenas tiñamos que ser enfermeiras ou raíñas, e que eu quería ser capitán, coma os nenos”

Marina Mayoral, en “La Voz de Galicia” 19-01-2003



Desde que Marina era nena deica agora pouco teñen mudado as cousas no que ós xogos se refire.

Estes materiais que tedes nas mans pretenden facer unha reflexión sobre o xogo e o xoguete na escola infantil no ánimo de dar un empuxón cara a igualdade entre os sexos.

O xogo é a actividade principal na escola infantil e dentro da vida escolar. É no xogo donde mellor observamos as actitudes e valores que as criaturas van interiorizando.

Pero...



¿Con que xoguetes xogan?

Actividades previas co alumnado:

1. “A robot Anén-Onén (se lle dades a volta ó nome será nena-neno) remata de chegar do espacio. Trae un baúl para levar xoguetes cando volva ó seu planeta porque un mago fixo desaparecer todos os que tiñan nel. Cada neno/a debe dicirlle á robot os tres xoguetes preferidos”. Poden ser sinalados dunha foto ou dun debuxo, debuxados, recortados... (segundo a idade das criaturas). Trátase de ir gardando xoguetes no baúl.

2. Facer un gran mural cos xoguetes escollidos. Tirar conclusións:

- ¿Cales lles gustan ás nenas?
- ¿Cales ós nenos?
- ¿Hai diferencias significativas?



¿A que xogan as criaturas da nosa aula?

Observación nos recantos de xogo simbólico

Nos recantos de xogo da aula nenas e nenos interactúan en liberdade e reproducen modelos sociais. Os recantos da casina, a tenda, a garaxe, as construcións, a perruquería... son lugares idóneos para facer intervención coeducativa, pero primeiro será interesante observar que fan neles.

Propoñemos que observeades durante uns días e anotedes:

- ¿Quen ocupa máis espazo no momento do xogo por recantos?
- ¿Quen fai as tarefas na casina?:

	NENAS	NENOS
– comidas		
– poñer a mesa		
– ir mercar		
– acariñar e coidar as bonecas		
– amañar os berces		
– outras tarefas:		

- ¿Que roles desempeñan?

	NENAS	NENOS
– nai		
– pai		
– filla		
– fillo		
– avoa		
– avó		
– outros:		

- ¿Usan os materiais dos recantos de acordo coa súa utilidade cotiá?
- De ser negativa a resposta ¿Para que os usan?
- ¿Recollen, ó remataren o xogo, por igual nenas e nenos?

Observación nos patios de xogo


Da observación do xogo libre, do recreo, dos corredores, poderemos tirar conclusións sobre se debemos intervir de cara a un reparto equilibrado do espazo, así como desenvolver outras actuacións educativas que propoñeremos máis adiante.

Será interesante observar e debuxar con cores diferentes os itinerarios que fan eles e elas polo patio. A observación farase uns minutos cada día, varios días seguidos. Do mesmo modo poderemos observar:

- ¿Algunhas nenas ou nenos prefiren quedar na aula durante o recreo?
- ¿Quen ocupa máis espazo no patio?
- ¿Quen ocupa o centro?
- ¿E as esquinas?
- ¿Quen organiza os xogos?
- Tipos de xogos dos nenos: tranquilos, de movemento...
- Tipos de xogos das nenas:
- ¿Son máis estruturados os xogos das nenas ou os dos nenos?
- ¿Xogan xuntos nenas e nenos? ¿A que xogos?

Nos grupos mixtos a maioría son....

- ¿Hai nenos en actitudes pasivas? ¿E nenas?
- ¿Hai nenas observadoras do xogo dos demais?
- Número de nenos que visten roupa e calzado deportivo cómodo
- Número de nenas con vestimenta similar
- ¿Hai nenas que leven roupa ou calzado inadecuado para xogar (vestidos con volantes, estreitos...)





Hai unha investigación levada a cabo na Universidade de Sussex (Reino Unido) na que trinta e dúas "nais" foron invitadas ó laboratorio psicolóxico, onde lles propuxeron xogar cun bebé ó que nunca viran e filmaron os resultados. Igual que noutros experimentos, o mesmo bebé recén nado presentouse ás distintas mulleres como neno ou como nena segundo interesara, e unha vez máis cumpriuse co estereotipo á hora de escollerlle xoguetes. A elección era dictada polo sexo que se lle atribuíra ó/á bebé: un martelo de xoguite para "el", a consabida boneca para "ela". Pero o máis notable foi o feito de cómo interpretaban os comportamentos dos bebés segundo creran que era nena ou neno. Cando o "neno" daba mostras de inquietude interpretábano como que era sinal de que quería xogar, pero cando a "nena" facía os mesmos movementos deducían que estaba disgustada e facía falta acariñala e tranquilizala.

Nicholson "Hombres y mujeres..."
Ed. Ariel (p.35).

Consideracións xerais

As criaturas chegan á escola infantil en pleno proceso de crecemento, iniciando a construción dos alicerces da súa personalidade. Factor básico nesa construción é o proceso de identidade sexual e de xénero.

Aínda que nenas e nenos nacen iguais a socialización que reciben é ben diferente. Reciben estimulación diferenciada, entre outros a través dos xogos que se lles propoñen e dos xoguetes que se lles ofrecen.



O xogo é unha actividade lúdica fundamental no desenvolvemento, aprendizaxe e socialización das criaturas. Os xoguetes son ferramentas axeitadas ós xogos.

A maior parte dos xoguetes están concebidos en vista dos diferentes roles estereotipados e das expectativas que se teñen sobre nenas e nenos. Non son inocentes, transmiten modelos sociais e realizan, á miúdo, unha clara discriminación sexual.

As criaturas xogan a imitar as persoas adultas, de aí que os xoguetes son obxectos que imitan a realidade en miniatura e xogando con eles aprenden a proxectar afecto, a comunicarse, a identificarse, a coidar das demais persoas, a reproducir comportamentos, a desenvolver destrezas motóricas, a exercitar o propio corpo...

Na sociedade na que vivimos a nenas e nenos estámollas a ofrecer, desde o nacemento, xoguetes diferenciados polo sexo e estamos potenciando que desenvolvan habilidades e actitudes diferentes unhas e outros: é dicir ofrecémollas a ambos un modelo incompleto e empobrecido.



Coeducación: Educar conxuntamente a nenas e nenos como "persoas", nas que se deben potenciar os mesmos valores, sen deixarse influír polos estereotipos sexuais vixentes. Supón que cada criatura se desenvolva de acordo coas súas potencialidades sen ter ningún corsé de xénero que a escravice.

Sexismo: Termo acuñado na metade dos anos setenta en USA polos movementos feministas, en analogía co termo "racismo", para mostrar que o sexo, para as mulleres, é un factor de discriminación, subordinación e desvalorización.

Xogando , xogando...

Así se poderían resumir os tipos de xogos ós que xogan nenos e nenas na actualidade. Se non hai intervención coeducativa as cousas seguirán así por moito tempo.

	NENAS	NENOS
TIPOS DE XOGOS	Sedentarios: – de roles, de imitacións, rítmicos. – repetitivos, rituais. – de actividade lóxica.	De acción: – deportivos. – de persecución. – de loita e forza. – de construción: mecanos, arquitecturas...
CARACTERÍSTICAS	– tranquilos. – en espazos reducidos. – bases organizadas de xogo.	– competitivos. – en grandes espazos. – organización máis imperfecta.
ACTITUDES QUE DESENVOLVEN	– docilidade. – submisión. – ritmo e coordinación. – conformismo. – concentración. – desenvolvemento intelectual.	– protagonismo. – competitividade. – habilidade física. – agresividade. – seguridade.

Sabemos ademais, polas múltiples observacións que temos feito nas escolas infantís, que así como cando as criaturas son pequenas xogan xuntas nenas e nenos, a medida que van medrando a separación é máis evidente de xeito que xogan separadas nenas con nenas e nenos con nenos. As excepcións son raras.

¿Que ocorre se alguén se cambia de grupo?


Ao neno que xogue coas nenas os seus compañeiros chámaranlle despectivamente “Mariquita” ou “Nena” xa que consideran que os xogos de nenas son cursis: “Bah, ese xogo é de nenas...”

A actitude das nenas que acollen a un neno nos seus xogos soe ser boa. Admíteno con naturalidade e mesmo lle deixan que mande no xogo.

Cando é unha nena a que entra nos xogos dos nenos a cousa cambia bastante. En primeiro lugar as súas compañeiras non a chaman nada porque os “xogos de nenos” están ben vistos por elas. Pola contra os nenos teñen con ela unha actitude ben diferente porque lle soen dar o papel de vítima, prisioneira... e o malo é que ela o acepta con normalidade.

Tamén é frecuente ver nos recreos, e na aula nos recantos de xogo simbólico, a nenas que observan o xogo dos nenos, fenómeno que non se dá en sentido contrario.

Resumindo poderíamos dicir que existe un forte desprezo nos nenos polos “xogos das nenas” a medida que se van facendo grandes.



Dunha enquisa pasada o ano 1998 as nais de familia das asociacións de amas de casa de Vigo extraíanse datos interesantes: se tivesen que facer regalos de cumpreanos para criaturas de cinco anos fillas e fillos das súas amizades, estas serían as súas opcións:

Común a nenas e nenos:

- Crebacabezas, contos

Diferentes para nenas:

- Boneca con accesorios.
- Construcións.
- Película de vídeo.
- Cociniña.
- Peluche.
- Recortables.
- Pinturas.
- Quit de maquillaxe.
- Disfraz.

E para nenos:

- Máquinas pequenas.
- Patíns.
- Coche.
- Bonecos transformables.
- Xogo de damas.
- Bici.
- Gafas de mergullo.
- Chándal.
- Balón fútbol ou basket.
- Xogos didácticos.

Tentade tirar conclusións e ligade estes xoguetes cos distintos valores que poden fomentar nunhas e outros:

1. Coidados corporais e beleza
2. Actividade física ou forza
3. Coidado familia
4. Actividade intelectual
5. Outros

¿Que é un xoguete sexista?



Consideraremos xoguete sexista aquel que marca diferencias de actividade entre nenas e nenos. Xogando con estes xoguetes (bonecas, maquillaxes... para elas, coches, balóns... para eles) ambos os dous sexos ven limitadas as súas potencialidades.

Os xoguetes e a publicidade

É francamente denunciado o bombardeo publicitario excesivo que recibe un colectivo tan fácil de manipular como é a infancia, ben nas vésperas do Nadal, ou decote no tramo

horario no que se emiten debuxos a ela dirixidos. O “lavado de cerebro” é total e faise nos propios fogares, diante das familias que, en moitos casos, non son conscientes dos prexuízos e repercusións psicolóxicas que se poden producir nas criaturas. Estas vense incitadas a un consumo indiscriminado e feroz cando aínda non teñen ningunha capacidade de discernir.

Pero ademais ¿que lles vende a publicidade?:


- Un modo de ser “feminino” nos xoguetes que van dirixidos ás nenas obsesionado co corpo e a beleza, de nais solícitas e competentes, escravas dos seus bebés (que sempre se crían sen figura paterna).
- Un modo de ser “masculino”, nos que van dirixidos ós nenos, que tamén os encorseta no estereotipo, que xoga a ser heroe, que é estimulado a ser competitivo, violento, dominador da tecnoloxía e a sociedade.

¿Por qué é necesaria unha intervención coeducativa?

A realidade do sexismo é tan evidente e xeneralizada, está tan interiorizada, que consideramos normais moitos deses comportamentos. O profesorado como axente social que é tamén ten admitidos os estereotipos sexistas e loxicamente estes aparecen no seu traballo. Moitas educadoras e educadores non son conscientes das discriminacións que perpetúan. Confunden o “tratar por igual” a nenas e nenos coa realidade do seu comportamento inconsciente (acordémonos do experimento da Universidade de Sussex). Afirman que non fai falla ninguna intervención porque non existe ninguna diferenza en razón de sexo xa que todas as criaturas están recibindo os mesmos contidos educativos.

Se fixemos as observacións que propoñemos nos capítulos anteriores xa nos decatariamos que isto non é así. Moitas das nenas e nenos que acoden á escola infantil xa teñen interiorizadas parte das pautas de conducta discriminatorias da sociedade na que viven, de aí a necesidade de intervención coeducativa. O costume, as condutas estereotipadas, son o principal obstáculo para a coeducación.

As actitudes “neutrais” de non intervención só contribúen a perpetuar o sexismo existente.



¿Que e como potenciar o xogo non sexista?

Na escola infantil prodúcense dous tipos de situacións. Unhas formais, nas que a persoa educadora realiza actividades previamente planificadas e que o alumnado ten que executar. Xunto a estas situacións prodúcense ó longo da xornada escolar outras situacións informais, onde a acción pedagóxica trabállase desde o espontáneo. Estas situacións son idóneas para intervir coeducativamente porque é nelas onde aparecen a maioría das actitudes, valores e vivencias da vida escolar.

Consideramos situación informais o xogo libre (xogo heurístico, de recantos...), o patio, os corredores, as saídas escolares, as sesións de psicomotricidade, e todas aquelas que teñan un grao importante de liberdade e espontaneidade.

¿Que xogos potenciar?:

- xogos psicomotores, de placer sensoriomotriz, nos que xogan nenas e nenos xuntos (saltos, carreiras, pinchos carneiros, bailes...)
- todos os xogos mixtos.
- xogos tradicionais de nenas para atraer os nenos: goma, corda, chapas, zancos...
- xogos que fomenten a imaxinación e a fantasía.
- xogos ó aire libre, en contacto coa natureza e os animais.



Xoguemos xuntas/os...

Velaí algúns xogos populares ós que podemos xogar xuntos nenas e nenos:

1. Cadea túrrica

Unha criatura apanda e pregunta ¿cadea? E o resto de xogadoras e xogadores bótanse a correr. Cando alguén diga ¡TÚRRICA!, a/o apandante perseguiraas/aos ata lograr tocar a alguén. A/o tocada/o collerá da man a/o apandante e xuntos tentarán perseguir ó resto.

2. Anelas

É un xogo de puntería que consiste en introducir anelas nun pau chantado no chan. Poden xogar por parellas mixtas, por equipos. Pódese facer máis difícil alongando a distancia de tiro.

3. Sogatira

Necesitamos unha corda forte, atarlle un pano para marcar o centro e unha morea de rapazas e rapaces en equipos mixtos tirando dos extremos da soga con todas as súas forzas.

4. “A pita cega”

Botamos a sortes para saber a quen lle toca facer de pita. Tapámoslle os ollos cun pano frouxo. Todas e todos arredor da pita comenzamos este diálogo:

Pita cega ¿Que perdiches?

– Unha agulla e un dedal.

– Da tres voltas e atoparalos.

Fáiselle dar tres voltas sobre si e despois debe perseguir os e as xogadoras que están na roda. Cando colle a alguén debe identificalo polo tacto.

5. Lobo ¿Estás?

Unha criatura fai de lobo e vaise ago-

char nun recanto da aula. As demais paséanse cantando:

– “Paseemos polo bosque mentres o lobo non vén...” Lobo ¿Estás?


A que fai de lobo vai dicindo sucesivamente:

– Estou poñendo os calcetíns..., os zapatos..., a camisa...

As demais seguen a cantar e pasear ata que o lobo di:

– Agora saio e comereivos.

Entón todas e todos corren para non ser atrapadas/os.



Canción para Renata

Canción para Renata.
Gústalle que o leite teña tona,
gústalle con azucre o café
e esvarar polo parqué,
gústalle andar en bicicleta
porque non para nunca quieta.
.....

Gianni Rodari
"Arre papaiño. Cancións para
xogar" Ed. Galaxia.

1. Memorizar o poemíña de
Rodari e mimalo con xestos.

2. A Renata gústalle esvarar polo
parqué e andar en bici. Sentadas
e sentados en corro cada nena
ou neno da aula vai dicindo dous
xogos de movemento que lle
gusten e realiza as accións
correspondentes.



¿Cal vai ser o papel da persoa educadora?

Actuar en situacións informais supón unha dificultade engadida debido a que a complexidade das relacións establecidas é máis grande que nas actividades dirixidas.

Formulámonos moitas preguntas:

- ¿Para que temos que intervir?
- ¿Cando? ¿Sempre? ¿De vez en cando?
- E sobre todo ¿Como?

Non hai receitas, pero si unhas pautas claras que a experiencia de cada quen vai ir mellorando cara ó obxectivo da coeducación:

- 1.** Potenciar aquelas actividades que axudan cara á igualdade:
 - entrando no xogo, valorizándoo coa súa presenza. É unha maneira de afirmar que ese xogo nos gusta.
- 2.** Difundir informar ó resto do grupo dos xogos potentes:
 - sobre todo aqueles nos que se observa a presenza de nenas e nenos ou que supoñen unha novidade. Ex: María remata de construír unha nave. Xoán estalle cantando unha canción moi bonita ó seu bebé.
- 3.** Pactar as normas: axudando a encamiñar o xogo cunha norma: xerar marcos estreitos para os xogos segregadores:
 - ó fútbol, se é só de nenos, xógase alí; para xogar á goma igual número de nenas que de nenos...

A función contedora da persoa educadora é fundamental. Ela garante os pactos coa súa presenza e evita que se instale o estereotipo.
- 4.** Contextualizar o espazo, facendo un deseño coeducativo del, para marcar ben os xogos que queremos potenciar. Esta espacialización é fundamental porque se non se fai os hábitos de poder apodéranse rapidamente dos espazos non defendidos:
 - Darlle ós xogos sexistas un lugar pouco importante (fútbol: pouco espazo, pouco protagonismo).
 - Darlle ós xogos integradores lugares protagonistas (circo, pillar...).
- 5.** Proporcionar obxectos-acción neutros que posibiliten moita riqueza de accións. Por exemplo, introducir teas no recanto de construcións .
- 6.** Canalizar e derivar, é dicir, intervir nas situacións informais cun proxecto coeducativo:
 - derivar grupos segregados cara mixtos, ofrecerlle ó grupo mixto algo novidoso para captar a atención do grupo segregador...
 - derivar grupos pequenos cara a outros meirandes. Interesa compartir as historias como grupo, que na aula se dean vivencias comúns.
 - dividir lazos de unión dos elementos segregantes e traballar máis intensamente con eles.

¿Como actuar diante dun conflito por unha cuestión coeducativa?

Nos conflitos por cuestións coeducativas é importante intervir sempre. Ás veces teñen que resolverse de forma rápida na situación espontánea na que xurdiron, pero é aconsellable retomalos na asemblea. Velaí un exemplo de intervención: ¿Que podemos facer, Quique, para que o camión da area poida tamén ser utilizado por Laura? Hoxe estiveches con el todo o recreo e non deixaches que botase ela area. Antes do recreo Ana colleu todas as teas do recanto e non deixou ningunha para Manolo. ¿Que pensades que podemos facer para que iso non pase máis?

Moitas veces repítense os mesmos e coas mesmas criaturas como protagonistas. Desde a coeducación interézanos intervir con eses grupos de pequenas e pequenos segregadores que promoven a separación de sexos: “Ti non, que es un neno”, “Ti non, que es nena”, “Nas construcións e cos coches só xogan os nenos”, “Na casinha os nenos, non”.

Nunca hai que evitar intervir cando algún neno ou nena solicita a intervención da persoa educadora para defender as normas acordadas, e ademais hai que facelo de forma enérxica.



Unha grande cantidade dos conflitos que xorden nos patios de recreo teñen carga sexista e ás veces a educadora non está presente, polo que é bo que cando se retoma na asemblea un conflito de xénero, e se comenta, poida ser asumido polo grupo, ao fin de ir creando unha corrente subterránea igualitaria que se incorpore á dinámica cotiá.

Algunhas veces, cando xa exista unha certa tradición coeducativa, poderase resolver co grupo que presenciou o conflito ou coas persoas protagonistas do incidente.

Caso de producirse algunha agresión física dun neno a unha nena polo feito de ser ela máis débil a resposta da educadora debe ser

contundente de defensa, pero ó tempo tratará tamén de estreitar o máis posible os lazos afectivos co maltratador para que non se repita este comportamento. Moitas veces os nenos que teñen ese comportamento están a ver nas súas casas cousas similares e a escola ten que proporcionar unha ración extra de cariño (contacto corporal e afectivo) a quen máis o necesita.

As pulsións agresivas serán derivadas cara ós obxectos, pódese converter a agresión non grave nun xogo, cambiar de roles de xeito que a agredida se convirta nunha leoa que persegue o/a agresor/a... Cada caso deberá ser tratado con rigor pedagóxico, pero nenos e nenas deben percibir claramente que o profesorado non está disposto a permitir agresións ás nenas polo feito de selo.

Análise de publicidade de xoguetes:

1. Co alumnado do segundo ciclo traballar cos catálogos das grandes superficies. Analizar como algúns deles veñen separados por sexos cando non debería ser así.

2. Gravar tres anuncios de xoguetes da tele e facer unha reflexión na aula:

- ¿A publicidade considera iguais a nenas e nenos?
- ¿Fan anuncios dirixidos a nenas? ¿E a nenos?

3. Desentrañade neses anuncios os trucos que a publicidade usa para vender xoguetes:

- parecen meirandes
- poñénlles música apegadiza
- non din o prezo
- repiten as imaxes moitas veces
- aparecen accesorios que despois non van incluídos co xoguete cando o mercas...

4. Inventar anuncios publicitarios non sexistas para estes xoguetes:

- balón, boneca, coche, xogo de louza para a cociña.

Outras actividades....

5. Facer un catálogo propio da aula cos xoguetes preferidos polas criaturas da clase (catro ou cinco por criatura). Enviarlles ás familias unha copia antes do Nadal.

6. Elaborar un libro individual por criatura antes de cada cumpreanos (ou santos, para quen teña nacido no verán) no que recollan os seus xoguetes preferidos e os xogos ós que lle gustaría xogar na súa festa de cumpreanos.

7. Confeccionar os propios xoguetes con materiais de refugallo. ¡Non esquezades que calquera cousa pode ser un xoguete nas mans infantís! Ofrécese un exemplo cun calcetín máis adiante.

Exemplos de actuación coeducativa nos xogos de ficción:

1. Xogos de versión real

Mamás e papás, comidiñas, merendas. Cuidar a casa. Cuidar un bebé. A dormir.	Potencialos para chamar a atención dos nenos. É un xogo integrador. Potenciar. Crear un espazo fixo na aula. Observar os roles. Cambiar os roles. Intentar que os nenos non sexan sempre pasivos. Explicar e potenciar o rol de pai. Controlar quen tapa a quen, quen esperta, quen manda.
Tren, coches, autobuses.	Potencialos, son xogos moi integradores. Crear un espazo para eles dentro da aula. Cuidar o rol de chófer e de revisor/a.
Circo.	É un xogo moi integrador, hai que potencialo. Coidar os roles: leoas, leóns, tigres, tigre-sas, paiazas, paiazos, domador, domadora, equilibristas...
Pescar, mergullar.	Que non sexan tiburóns sempre os nenos e sardiñas as nenas, xogar ás sereas, mariscadoras... Estes xogos teñan posibilidades integradoras apoiando ás nenas.
Construcións, crebacabezas, plastilina.	Sobre todo potenciar e dar publicidade ás producións das nenas. Intentar que participen todos e todas.
Bombeiras, bombeiros . Médicas e médicos.	Nos xogos de “oficios masculinos” propoñer rapidamente bombeiras, zapateiras, mariñeiras. Tamén é bo que a educadora entre no xogo para animar as nenas a participar. Potenciar cambios de roles.

2.Xogos de versión fantástica

Realeza, bruxas e bruxos.	Potenciar a presenza do homólogo: rei-reina. Xogar a facer risas cambiando os papeis.
Colchonetas, piscinas.	Defender e incluso expulsar ás nenas ou nenos que o invadan excesivamente.
Espadas, pelexas, superman.	Se non se consegue integrar ou cambiar roles e que as nenas participen: – restrinxir o espazo, complexizar as norma; desviar ou derivar cara a outro xogo; transformar ou vestir o formato con outra narración que obrigue a un novo formato máis complexo.
Galaxias.	Informar e construír modelos axeitados.
Animais.	Teñen unha gran compoñente afectiva. Fomentalos para todas e todos. Sobre todo observar se hai roles estancados. Ás veces son indicativos dalgún problema nas criaturas.

¿Con que xoguetes xogar?

Xa falamos de que a publicidade bombardea ás criaturas e fai que desexen consumir en exceso. Moitas series infantís ademais xeran toda unha rede de produtos comercializados. O mercado infantil é un gran negocio. Como persoas educadoras sería bo intervir coas familias e axudalas nas eleccións de xoguetes. Calquera reunión que teñamos con elas será un bo momento para falarlles deste tema. Podemos facerlles entender que nos preocupa a imaxe do mundo que dan unha serie de xoguetes bélicos e sexistas e as posibles repercusións que teñen na socialización das criaturas.

Tamén nos preocupan os roles e os xeitos de relacionarse que fomentan, de aí que propoñamos orientar as familias.

As persoas expertas coinciden en que un xoguete será mellor cantas máis destas características reúna:

- que sexa polivalente: manexalo, cambiarlle a forma...
- que sirva para xogar con alguén.
- que desenvolva a afectividade.
- que permita desenvolver a creatividade, abirse á fantasía.

Non convén esquecer que non hai “xoguetes de nenas” nin “xoguetes de nenos”, por moito que as grandes superficies e a publicidade da televisión se empeñen en catalogalos así.

Na aula hai que ter todo tipo de xogos e xoguetes para facilitarllelos a nenas e nenos en igualdade de condicións, fomentando activamente que todas e todos os utilicen sen distinción ningunha. É fundamental animar as nenas a xogar cos coches, coas construcións... e ós nenos coas bonecas, coa cociniña...



Algunhas actividades...

1. Convocade unha reunión coas familias do voso alumnado. A temática proposta é o xoguete. Pódese buscar unha persoa relatora ou ben preparala e impartila vós.

Nesa reunión pódense analizar diferentes xoguetes que teñades na aula segundo este guión ou outro que inventedes:

- ¿Este xoguete é adecuado a idade da criatura?
- ¿Está ben construído? ¿É resistente?
- Facilita que se poida xogar con el máis dunha vez? ¿Por moito tempo?
- Provoca que a criatura teña que usar a imaxinación para xogar con el?
- ¿Pódese usar de xeitos diferentes?
- ¿Que valores se poden fomentar mediante o xogo con ese xoguete?

2. O calcetín amarelo

¿Que se pode facer cun calcetín amarelo que vive só no costureiro?
 Pode ser un peto, para aforrar
 Pode ser un bolso, para pasear
 Pode ser bandeira, para desfilar
 Pode ser mil cousas
 ¡Só tes que pensar!

Dolores Rial, Ed. Ir Indo

Traer un calcetín amarelo. Pensar cousas que se poden facer con el. As suxestións de Loli Rial son: un cabaliño, un monicreque, unha bolsa de tesouros, un pucho...

Sabías que...

- O corpo anoréxico de Barbie ten servido como modelo e causado centos de casos de anorexia nervosa entre as adolescentes americanas.
- Os tres xoguetes máis vendidos nos últimos anos son: vídeo-xogos, bonecas e xoguetes de rodas.
- España ocupa o sétimo lugar, entre os países da UE, en gasto anual por xoguete e criatura.
- Unha nena/o ve ó ano, como media, un total de 10.000 mensaxes publicitarias.
- Considéranse “xoguetes tranquilizantes” aqueles que se mercan por caprichos repentinos que teñen as criaturas nos centros comerciais. A finalidade é que se distraian e deixen ás familias mercar con tranquilidade.

A modo de conclusión:

Só un último aviso para alertar que as présas ou unha excesiva ansiedade por aplicar o prisma coeducativo a todas as situacións informais pode facernos caer en erros que quixeríamos evitar. Non ignoremos que ademais deste existen na educación outros valores que debemos compatibilizar con el e que o mundo dos xogos é moi complexo.

Mudar cara a actitudes máis igualitarias nos xogos e xoguetes é difícil e complexo, pero dicía o poeta que se fai camiño ó andar e é ben certo que podemos ter esperanza en que o futuro sexa mellor. Animamos a todo o profesorado a traballar con esa ilusión.

Vídeos de interese do Instituto da Muller:

- “Decide tus juguetes”.
 - “La elección de los juguetes”.
 - “Del azul al rosa”.
 - “Identidad individual y coeducación”.
 - “La mujer en la publicidad” I e II.
- (Pódense conseguir para os centros, gratuitamente).

Direccións de interese:

- Biblioteca do CEFOR, r/ Camiño do Chouzo s/n. Vigo. Tlfno. 986 202 370.
- Biblioteca de ALECRIN, avda. García Barbón 30, 5º, oficina 8. Tlfno. 986 439 459.
- Instituto de la Mujer, r/ Condesa de Venadito, 34. 28027 Madrid.
- Asociación Española de Fabricantes de xoguetes, r/ O'Donnell 4, 1º Torre de Valencia, 28009 Madrid.
- OCU (organización de persoas consumidoras), r/ Villafranca 22, baixo 28028 Madrid.

Algúns libros para saber máis...

- AA. VV. “Xogos Populares de Galicia”. Edit Xunta de Galicia.
- Abad e Aguilar. “Coeducar na Educación Infantil, Ed. Xerais.
- Askew e Ross. “Los chicos no lloran...”. Ed, Paidós.
- Instituto de la Mujer. “Maleta: Decide tus juguetes”.
- Moreno. “Cómo se enseña a ser niña”. Ed. Icaria.
- Nicholson. “Hombres y Mujeres”. Ed. Ariel.
- Rico. “TV, máquina de mentiras”. Ed.Espasa.

